



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Santiago de Compostela, 5 de outubro de 2018

O Grupo Parlamentar do BNG comunica a decisión de non asistir hoxe á inauguración da exposición *Castelao Maxistral*. Con este acordo queremos manifestar a nosa protesta polas palabras do presidente da Xunta o pasado 3 de outubro, que supoñen unha nova tentativa de ocultación e censura da obra de Castelao, unha terxiversación da historia e unha ofensa a todas as vítimas do franquismo en Galiza.

Queremos poñer de manifesto que a obra “**A derradeira lección do mestre**” ten a súa orixe en 1937, que orixinalmente forma parte do álbum **Galiza Mártir** e que está ao servizo dunha causa: o combate ideolóxico contra o fascismo que naquela altura estaba a devastar o noso país. Que se trata dunha estampa dun grande valor artístico e dun inequívoco contido político, creada nun contexto histórico concreto que non se pode ocultar. E a maior abundamento é unha obra dun enorme simbolismo por representar na figura do mestre a Alexandre Bóveda a todos os homes e mulleres que foron vítimas do masacre fascista.

Queremos con este xesto tamén reclamar a necesidade dunha visión integral da obra de Castelao, fronte ás versións mutiladas e censuradas que se impuxeron na Ditadura franquista (“*De su actividade literaria y artística no se hará mención alguna del libro Siempre en Galiza ni a los albumes de dibujos de la guerra civil*”) e que seguen vixentes en webs institucionais e nos discursos oficiais. Por moita ocultación, por moita censura, por moitas medallas e funerais non conseguirán ocultar a realidade, a Verdade: que Castelao foi un nacionalista galego, un deputado, ensaísta e artista nacionalista, que loitou coa palabra, coa pluma e co pincel para construír a República galega.

Queremos en definitiva poñer de relevo a ingratidade que hai detrás destes actos de ocultación e censura, porque se hai Xunta de Galiza, se hai recoñecemento de Galiza como nacionalidade histórica é en grande medida grazas a Castelao, que loitou con



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Bóveda polo Estatuto e polo plebiscito de xuño de 1936. E que seguiu incansábel na batalla até conseguir a aprobación polas Cortes. E hoxe somos quen somos en grande parte grazas a aqueles homes e mulleres asasinadas, encarceradas, torturadas, rapadas e violadas, exiliadas... Mais tamén sabemos que non estamos no final do camiño, que aínda falta moito para facer realidade as súas arelas de autogoberno, de liberdade, de xustiza e democracia plenas.

Por último, queremos reclamar unha vez mais que se inicien os trámites para conseguir que o cadro *A derradeira lección do mestre* fique para sempre en Galiza, e que se leve a cabo un programa de divulgación do conxunto da obra literaria, artística e política de Castelao.

**Asdo.: Luis Bará Torres**

**Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG